

SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DO DÍA 19 DE SETEMBRO DE 2019

COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

Preguntas do PP

1ª e 2ª Lee as preguntas dona Marta María Vázquez Golpe.

1ª A través do seu propio muro de Facebook o noso concello afirmou neste último mes que Cambre reforzará a súa aposta formativa e organizará unha terceira edición do obradoiro Proxedis, poñendo igualmente en marcha o obradoiro Proweb.

Ante a gran confusión xerada pola dita noticia entre os nosos veciños e os dos municipios limítrofes, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente na materia con que fondos orzamentarios conta o noso concello para financiar tales proxectos, ou, no seu caso, se estes son financiados por outra administración distinta, que administración é a que financia ambos proxectos e, polo tanto, da que parte a iniciativa da súa realización.

2ª Respecto dos programas formativos anteriormente referidos, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente cal é a contía das subvencións ou axudas que o noso concello vai recibir para a súa realización e cal a achega do noso concello aos mencionados obradoiros.

Don Diego Alcantarilla Rei, concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta que dende o Concello de Cambre tiveron a iniciativa de elaborar un proxecto para fomentar o emprego e dar formación en ocupacións que consideran son xeradoras de emprego no municipio, como atención sanitaria a persoas dependentes, ou novas tecnoloxías.

Explica que o proxecto de novas tecnoloxías é un, non dous, e presentouse o 31 de maio de 2019 na convocatoria de subvencións da Xunta de Galicia. É a Xunta a que subvenciona os obradoiros, pero é o Concello de Cambre o responsable da iniciativa, creación e desenvolvemento deses proxectos.

Conclúe dicindo que o orzamento total do proxecto é de 372.466 euros, dos cales o Concello de Cambre achegaría 6.000 euros e a Xunta de Galicia 366.466 euros.

Dona Marta María Vázquez Golpe manifesta que, entón, a iniciativa é do concello e o financiamento da Xunta de Galicia.

3ª Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Á vista da recente formación de goberno municipal e a distribución das distintas áreas, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase á concelleira de Desenvolvemento Asociativo cales son as súas competencias directas e/ou delegadas, e medios materiais e humanos cos que conta, así como o orzamento previsto para a súa concellería.

Dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, dá lectura ao texto que vai figurar na páxina web municipal, e que consta do seguinte teor literal:

“A concellería de Desenvolvemento Asociativo está englobada dentro da concellería de Presidencia, e ten como obxectivo primordial articular e incrementar a participación das diferentes entidades e asociacións de Cambre na vida colectiva do municipio. Desde esta concellería apóstase por involucrar a todas estas entidades e organismos no día a día do Concello de Cambre.

Baixo esta premisa, a concellería de Desenvolvemento Asociativo lévanse a cabo os seguintes labores:

- Promoción de recursos e ferramentas para a posta en marcha de iniciativas e/ou proxectos que favorezan o desenvolvemento asociativo.
- Actuacións de información, asesoramento e colaboración coas asociacións de colectivos do municipio.
- Mantemento dos espazos municipais e dotación de equipamento técnicos, así como a posta en marcha de novas instalacións.
- Posta en marcha de programas de dinamización social dirixidos a incrementar o asociacionismo.
- Canalización e xestión de peticións, queixas, suxestións e informacións de colectivos e asociacións formuladas a servizos e/ou departamentos municipais.
- Xestión do uso de locais polas asociacións veciñais e pola cidadanía.”

En canto ao orzamento deste ano 2019, di que é o que consta este ano, mentres que o do ano 2020 está en elaboración nestes momentos. No que se refire ao persoal co que conta, está o persoal de Cultura e, de ser necesario, o resto do persoal do concello.

Don Juan María Abalo Castex solicita aclaración sobre o tema do orzamento, e a concelleira dille que neste momento non o sabe, xa que pensaba que esta pregunta era para o pleno e non puido comprobalo, pero que lle contestará a ese punto por escrito.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ, EDUCACIÓN, MOBILIDADE,
MEDIO AMBIENTE E SANIDADE**

Rogos do PP

1º Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Son numerosas as ocasións nas que dende este grupo municipal témonos interesado, a requirimento dos nosos veciños, polo estado do pavimento das nosas rúas, beirarrúas ou camiños públicos. Nesta ocasión, veciños do Temple preséntannos as súas queixas sobre o estado no que se atopa o pavimento do Paseo dos Templarios, no que tal e como se observa nas fotografías que se achegan, advírtese a rotura de lousas, ausencia destas, afundimento do pavimento, etc., co evidente risco para os viandantes.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se interese do concelleiro competente se resolvan os problemas advertidos á maior brevidade posible.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, acepta o rogo, e engade que o primeiro que teñen que decidir é se van rehabilitar ou se van reordenar todo ese ámbito.

Don Juan María Abalo Castex sinala que algunhas das actuacións non poden agardar, hai que facelas xa.

Don Juan González Leirós contesta que si, que o que é necesario vaise reparar xa, pero a longo prazo hai que ver cal é a mellor solución.

2º Lee o rogo dona María Jesús González Roel.

Así mesmo, son numerosas as queixas transmitidas polos nosos veciños respecto do estado no que se atopan tanto os contedores de lixo como a contorna onde estes se atopan.

Tal e como se pode apreciar na fotografía que se achega, referida ao Paseo dos Templarios, nin a limpeza do lugar nin o estado do contorna é o desexable. De aí que dende o Grupo Municipal Popular se requira ao equipo de goberno que se adopten as medidas necesarias para resolver os problemas advertidos á maior brevidade posible.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada de Servizos e Seguridade Cidadá, recolle o rogo, e informa de que xa pasaron o aviso, tanto ao Consorcio polo que se refire aos contedores, como á empresa “Orto, Parques y Jardines”, para que pasen a limpar a zona.

3º Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Varias foron as ocasións nas que este Grupo Municipal Popular se ten interesado, tanto en comisións informativas como en sede plenaria, pola loita contra a avespá asiática ou velutina.

Nesta ocasión foron veciños e transeúntes da Pena da Nosa Señora os que nos advirten do perigo existente como consecuencia da presenza, en torno aos números 2 e 4, dun niño desta clase de avespas colgado dunha árbore. Niño cuxo diámetro vai aumentado ata acadar dimensións ben visibles, tal e como se advirte nas fotografías que se achegan.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se interese do equipo de goberno que se adopten as medidas oportunas para retirar o dito niño de avespá asiática á maior brevidade posible.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, explica que Protección Civil xa tiña coñecemento desta situación, porque recibiran varias chamadas, pero di que o problema é que o niño está moi alto e non é posible acceder a el cos medios municipais, por iso trasladaron a situación ao 012.

Preguntas do PP

1ª Lee a pregunta dona María Jesús González Roel.

Veciños e usuarios do Paseo Marítimo do Temple advírtennos de que dende hai días atópase colocado un cono de sinalización de perigo no dito paseo, á altura da urbanización “El Pinar de la Reina”, tal e como se advirte nas fotografías que se achegan.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se pregunte polo motivo da colocación do dito cono e a data na que tras resolver o problema advertido se prevé a súa retirada.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que a situación cambiou, e cambiou para peor. Explica que no verán detectaron que as lousas levantaban e non repisaban. Trátase dunha obra de Demarcación de Costas que cre que finalizou no ano 2005. A brigada foi ver ese punto e unha zona máis adiante que estaba bastante mal, e despois de arranxalo colocaron uns conos para que ninguén pisara nese lugar.

Continúa explicando que a situación foi a peor porque tiveron que levantar as lousas e descubriron unhas arquetas de pluviais que quedaran tapadas coa obra do paseo e das cales o concello descoñecía a súa existencia. Por iso tiveron que poñer un valo, porque hai que facer unha obra bastante máis grande, levantar todo, recrecer as arquetas, tapar e repisar. É unha obra máis complicada.

Reitera que foi unha obra da Demarcación de Costas e o concello descoñecía a situación das arquetas. Iso foi o que lle explicaron os técnicos.

Don Juan María Abalo Castex manifesta que neste mesmo momento estalle remitindo fotos de como está a zona e pregunta polo valo.

Dona Elisa Pestonit Barreiros explica que instalaron o valo tal e como está, precisamente a petición dos maiores que adoitan reunirse nesa zona, que pediron por favor que non lles cortaran o paso. Os técnicos municipais comprobaron a situación e determinaron que hai sitio para pasar sen que haxa perigo.

Don Juan María Abalo Castex manifesta que precisamente iso é o que piden, que non haxa perigo.

2ª Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

O pasado 13 de agosto, o director xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia asinou a resolución pola que se resolvía a adxudicación, en réxime de concorrencia competitiva, de equipamentos de emerxencias outorgadas, entre outros, a concellos de menos de 50.000 habitantes, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

A través dela, concellos da nosa contorna, como Miño, Culleredo ou Carral obtiveron a adxudicación de equipamento de emerxencia como tendas de campaña, remolque de emerxencias ou vehículos todo terreo pick-up.

Sorprende que entre os beneficiarios das adxudicacións de equipamentos de emerxencias non se atope o Concello de Cambre, como vemos si foron concellos da nosa contorna. De aí que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao concelleiro competente, cales foron os motivos para que Cambre non participara da adxudicación do equipamento de emerxencias referido ou se o foi, cales foron os motivos de non ter chegado a ser beneficiario das ditas adxudicacións como si o foron outros concellos veciños.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que este é un tema que levou a anterior concelleira responsable desa área, e segundo lle explicou o coordinador de Protección Civil, Cambre xa dispón dos materiais que se subvencionaban, polo que se decidiu non concorrer.

3ª Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Á vista dos problemas advertidos nos últimos meses nas obras que se están realizando na Barcala e que xa foron obxecto de interese en sesións anteriores polo noso grupo (como no pleno do mes de xullo), dende o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente sobre as xestións realizadas e o estado no que se atopan, a día de hoxe, as obras que se están levando a cabo na cambresa urbanización da Barcala.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras contesta que a mazá 4 xa está rematada, ao igual que as beirarrúas na mazá 3, a rúa Río Sil e os parques infantís, polo que o que falta é rematar a Praza 1º de Maio.

Preguntas de EU-Son en Común

1ª, 2ª e 3ª. Lee as preguntas dona María Olga Santos López.

En relación coa reunión mantida polo Sr. alcalde o día 3 de setembro con representantes veciñais das comunidades de propietarios implicadas nas obras de remodelación da praza 1ª de Maio, da Barcala, preguntamos:

1ª Cales son os acordos adoptados polos veciños e o alcalde na citada reunión?

2ª Cal é o cronograma de prazos e coordinación entre as dúas empresas construtoras implicadas (Canarga e Remifer) segundo reunión mantida o luns 16 de setembro entre ambas empresas?

3ª Canarga vai realizar algunha obra adicional ou extra das que ten contratadas co Concello de Cambre, na contorna da praza pública?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, explica que a primeira conversación cos veciños foi para unificar criterios, porque como as direccións de obras eran distintas, había unha falta de entendemento sobre que parte da obra lle correspondía a cada un deles.

A todos os veciños se lles explicou, cun informe técnico, que da impermeabilización para abaixo era o que lles correspondía. Ao concello correspóndelle a baldosa e o morteiro que se bota para agarrar esa baldosa.

O problema que apareceu aí foi que, cando se puxeron a picar, atopáronse cunha capa de formigón para recrecer as pendentes que estaba por debaixo da capa de impermeabilización, e coa cal non contaban os veciños. Explicóuselles que por onde estaba situada, correspondíalles a eles e aclarouse esa cuestión. En resumo tratouse o tema da coordinación entre as direccións de obra.

En canto ao cronograma di que non llelo pode dar exactamente, pero o que está claro é que primeiro vai a impermeabilización e despois é cando pode traballar o concello. É certo que hai zonas nas que o concello aínda non picou, pero esa foi unha decisión que se tomou para evitar ter cortado o paso durante moito tempo. Picarase segundo chegue aló a impermeabilización.

Explica que chamou por teléfono para informarse sobre cando vai estar feito o traballo de impermeabilización e a contestación foi que seguramente non se finalice totalmente ata mediados de decembro. Iso non quere dicir que o concello non vaia facer nada ata entón, senón que irán facendo a beirarrúa segundo avance a impermeabilización. Tamén lles preocupa moito o tema da choiva, polas posibles afeccións que poida haber cara abaixo, pero a previsión é esa.

En canto á obra do concello, calculan que se alongará 15 ou 20 días sobre a dos veciños, polo que ao final estarían a mediados de xaneiro.

Por último, respecto da pregunta de se Canarga vai facer obras adicionais, a resposta é que non. A empresa non vai facer outra obra para o concello que a contratada, iso sen prexuízo dos aumentos propios da obra xa contratada, que poden derivar dalgunha diferenza de medicións no proxecto ou similar.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, solicita que concrete a resposta ás dúas cuestións que formulou anteriormente o seu grupo, o tema das xestións realizadas e o estado da obra a día de hoxe.

Don Juan González Leirós contesta que a día de hoxe están coa impermeabilización. En canto as xestións parece que parte da obra dos veciños está xa contratada, cre que xa chegaron a un acordo absoluto, só falta



asinar algún documento. En todo caso, dende o concello tamén están en contacto coa empresa impermeabilizadora, para intentar coordinar o tema, e segundo lles dixeron van seguir adiante e parece ser que vai continuar a bo ritmo.

Conclúe dicindo que esa é a información que teñen, sempre tendo en conta que tampouco se poden meter demasiado porque non son os que contrataron esa parte.

Don Juan María Abalo Castex manifesta que, segundo as palabras de don Juan González Leirós, as obras están medio paradas.

Don Juan González Leirós responde que non, que iso non é o que el dixo, esa é unha interpretación que fai o concelleiro das súas palabras e el permite explicacións, pero non interpretacións. Conclúe que xa está contestada a pregunta.